

PATRIMONIO NATURAL

- [O Poni Galego e o gando ceibo.](#)
- [A costa.](#)
- [Schistostega pennata.](#)
- [A Cova da Moura.](#)
- [A Corte das Ovellas.](#)
- [Cultivos arbóreos.](#)

O Poni Galego e o gando ceibo.

O presidente da Asociación Galega do Cabalo do Monte estima en 3.500 os cabalos salvaxes de A Groba; deles un 10% son de raza autóctona: Calcula unhas 400 vacas, 500 cabras e 3.500 ovellas.

A primeira testemuña gráfica de cabalos na Groba son os petroglifos da idade do Bronce. No tempo dos romanos hai referencias xenéricas ós cabalos ceibos dos montes de Gallaecia. Modernamente, en 1550 o licenciado Bartolomé de Molina na “Descripción del Reyno de Galicia y de las cosas notables de el” afirma: “...Críanse tamén gandos bravos, porque como hai porcos montañeses e outros animais, así hai vacas, que para cazalas é mester gran industria e lazos, como para calquera outra caza”.

Logo da Desamortización e a abolición dos foros, cabalos e vacas dos montes son dos veciños.

Cabalos e vacas conforman a paisaxe. Para mantelos, o home artella, a poder de lume, un xeito de pradeira, o monte raso baixo: maiormente un conxunto de leguminosas, de ericáceas, e de gramíneas.

Hoxe, este gando vai para carne.

Antes, os cabalos ían para tiro ou sela, as súas crinas para recheos e broxas; as vacas para carne, para coiro, e para sebo.

O mais característico da Grova cecais sexan as greas de cabalos. Considérase o desta serra o morfotipo mais xebre do poni galego: No vran do 1997 leváronse 7 exemplares de Oia para repoboa-lo parque natural da serra do Xurés. A Asociación do Cabalo Galego do Monte ten aforrado para semente para un grupo de 16 eguas con caracteres xebres do poni galego; instaladas nunha das illas do esteiro do Miño, vanlle votar cabalos puros, para iniciar unha xinea de raza de grande pureza. Das 16 femias, 13 foron seleccionadas nos montes de Mougás (as outras 3 en Sabucedo). Están marcadas cun “G” de “Galiza”, sobre a que se cerne unha coroa de catro puntas “que representan as catro provincias” moi en sintonía co monarquismo administrativista do P.P..

Este cabalo suponse derivado do tarpán (*Equus gmelini*), das estepas asiáticas e lesteuropeas; desta base, con múltiples cruzamentos (cabalo celta, monturas romanas e,

asevérase, unha pequena influencia de cabalos moi afíns traidos polos suevos, deron o morfotipo característico do noso poni. Sucintamente: alzada de 1,20 mts. a 1,40 mts.. Uns 300 kgs. de peso. Proporções xerais lonxilineas. Cabeza grande. Pescozo curto, triangular, musculoso. Capacidade torácica elevada (No da Groba é en xeral menor). Liña do dorso cóncava. Beizos grosos e mesto bigote, do que adoita dicirse que é debido “á dureza da alimentación no seu estado de libre estabulación, a base de toxo e matogueira baixa.” según recolle J. Perez Paz en “O Poni Galego”.



Pola presenza visual, ocasionais rinchos, cheiro dos escrementos e purines, canalización do movemento polas “sendas”, cor da bosta esfarangullada..., o cabalo é o mobiliario mais conspicuo do mato da Groba. Amais, hoxe espállanse por ela anuncios de picadeiros, e letreiros indicadores das direccións ós curros da Valga (2º domingo de Maio), Torroña (1º Domingo de Xuño) e Mougás (2º Domingo de Xuño).

Fican restos do curro vello da Valga nun punto entre O Castro, O Castelo e o nacente do Regato de Salgueiriños.

“Como se celebran os curros”. Así se titula un capítulo , que traducimos, dun folleto editado polo Concello de Oia: “A organización dun curro adoita ter comezo dou domingos antes da súa celebración. Para elo reúnense tódolos gandeiros co seu presidente, e este lles explica o plano de traballo, e de que xeito teñen que transcorrer os acontecementos durante o curro.

- O día sinalado cada vocal convoca ós gandeiros e os reparte pola zona que lles corresponde, de xeito que non disten un do outro mais de 20 mts.. Con este sistema , denominado “cordón”, conséguese pechar todo o monte. O “cordón” iníciase nos baixos da ladeira, e vaise ascendendo ata que tódolos participantes se agrupan nun recinto chamado “parada”.
- Unha vez aquí, se separan as crias e se baixa o gando entre varas ata o recinto do curro.
- Xa dentro do curro sácanse os griñóns coa fin de evitar que se pelexen: despois límpase o recinto e se voltan soltar ó monte. Nun curro aparte se separan as crias. A continuación sitúase a un porteiro no curroe tódolos asistentes –gandeiros e espectadores- vanse degusta-lo polvo e as sardiñas.
- Reiníciase a actividade arredor das 5 da tarde:

- Os gandeiros, na porta do curro, reciben as ordes do seu presidente.
- Primeiro, saca-los cabalos destinados á venda, para un curro colindante.
- Segundo, saca-las eguas preñadas.
- Terceiro, rapa de crinas e marcaxe das crías.
- A xornada finaliza arredor das sete do serán coa solta de cabalos e a despedida ata o próximo ano”.

Todo está marcado na Groba, porque todo ten dono(s): os animais, as árbores, a terra.

Na Groba utilízase para os cabalos a marca de ferro en brasa: logo da queimadura o pelo do queimado nace en distinta dirección que o resto, e a marca fica permanente.

Noutros lugares de Galiza utilízase como marca, incisións ou corte nas orellas dos poldros, polo doado que resulta facelas ós poucos días de localizalos no monte. Na Groba tense utilizado como segunda marca, ocasionalmente, o mesmo que as grapas nas orellas.



Os curros, os currais onde se encerra o gando, son na Groba construcións de granito. No veciño Galiñeiro o curro era ata hai uns cinco ou seis anos unha simple valgada, que se pechaba para a ocasión, e hoxe é un simple peche feito con troncos de eucalipto.

O curro do fin da primavera é “a rapa das bestas”. Antes, a corta do pelo da crina e do rabo facíase para vendelo.

Amais deste hai, nos mesmos lugares, os curros da mosca, que non teñen data fixa, e que se celebran cando o acordan os gandeiros, aquí na Groba, na Cruz de Pau. Nese curro límpaselle o anus e a vaxina das bestas, da perniciosa mosca. Tamén se aproveita para marca-las crías que naceron dende o curro anterior e, en xeral, para ver como vai o gando.

O curro ten algo de festa, algo de esporte, cada vez mais, en parte debido a que non cumpre, para moitos gandeiros, unha función económica esencial, en parte debido á extensión da afección á hípica, e algo debido tamén ó atractivo turístico do

evento (unha empresa de Oia adicada á Hípica e ás actividades de lecer, ofrece a celebración de minicurros, na época dos curros).

Tamén hai curros de vacas, sen data fixa. Quizais os mais vistosos, os das illas da desembocadura do Miño e Tamuxe, a finais de Setembro, onde gandeiros da Groba moven o seu gando cruzando as augas de illa en illa.

As vacas bravas da Groba son hoxe un revoltallo de razas, anque o que predomina é unha rama dexenerada da rubia galega, según algúns. Bouhier pensa que se trata do “elemento base do stock racial primitivo”, que tería sido mellorado pola estabulación e selección.

As vacas forman pequenos grupos espontaneamente, de ata 10 ou 12 cabezas organizadas arredor dun macho. Poden pertencer a distintos propietarios. Van marcadas. Os grupos refanse.

Non son as vacas tan erráticas como o cabalo. Nin son perigosas para os cultivos permanentes.. En inverno, ás veces, baixan ás casas.

A xente vai ó monte vixialas, contalas ou recolocalas. Poden facelo en coche, dende a carretera, con prismáticos, ou movéndose en moto polas pistas.

No Setembro de 1997, cando toda a herba ía seca, propietarios dun grupo de vacas que andaba perto do alto da Groba (pola Lagoa Negra, daquela sen auga), leváronlle nunha furgoneta, pacas de herba que espaxaron pola zona. É unha práctica común na debesa de Salamanca, por exemplo. Hoxe tamén nos montes da Groba.

A vaca vai para carne. As veces en plan pirata: achégase ó monte o propietario co cliente, escollen o xato, axustan o prezo e o dono, sen control do matadeiro, mata, trocea, e embrulla en bolsas de plástico a carne, que é comprada por varias personas para conxelar.

Seguindo o cheiro, podemos atopar-los restos destes sacrificios nalgún dos basureiros que nestes últimos anos están a aparecer nos nosos montes.

Tamén pastan no monte cabras e ovellas. As cabras considéranse derivadas do tipo da pirenaica; a ovella está catalogada como raza galega, pertencente ó tronco ibérico.

En xeral son mais abondosas na parte alta da Groba-Valga.

Ata a repoboación forestal, San Cosme vivía do ovellume e cabrume. Cando se fixo a repoboación forestal e se prohibiu o pastoreo nela (logo do expolio dos montes polo franquismo), a aldea esmoreceu e ficou abandonada. Hoxe, rehabilitadas, úsanse algunhas casas como segunda residencia.

En xeral, ovellume e cabrume lévanse de casa a unha zona de pasto e déixanse ceibes todo o día. Á noite os animais voltan case sempre perto das casas, pero non entran; hai que ir buscalas.

Verbo deste sistema de pasto libre, Bouhier, que o considera moi primitivo, di que Gondomar-Oia-Tomiño son “centro de supervivencia dos mais vellos costumes agrogandeiros”.

As cabras andan co vento, a favor ou en contra, segundo a forza deste ou o xorne do guía.

Ainda fican algunhas cerradas (zonas pechadas en redondo con valado de pedra, de ata cen metros de diámetro en liña no ar), onde se albergaban os rabaños. Eran, en monte comunal, dun ou varios lumes, cando o monte era un ferver de gando. Hainas por todas partes, pero as mais bonitas quizaves sexan as da zona do Pinal do Porro, en Mabia, onde algunha pervive coa distinta función de protexer unha plantación arborea, o que tamén atopamos noutros lugares da Groba. Nesta zona, as cerradas circulares vense unidas por arcos de pedra que delimitan novas parcelas, adaptando a forma circular ó espacio da valiña, valga ou groba, na que se atopan.

Hoxe parés que este gando volta a coller pulo, pois ten saída para carne. En Torroña, dous bares teñen sona polos seus años, que tamén preparan para levar, e veñen xentes dos arredores (dende A Guarda ata Vigo), por eles.

Din que hai hoxe tanta carrasca porque hai menos cabras, que van por ela e por todo. Mesmo non é estrano atopar cabras ou ovellas comendo nos basureiros, que tamén son visitados polo demais gando.

Antes da repoboación forestal había en Mabia 2.000 cabras. Cabirtos e años íanse vender á feira de Sabarís, os Luns; alí comprábase viño, etc., co produto da venda do gando...Hoxe debeceu moito a cabana gandeira; o rabaño que mais ten é de dúascentas pezas. Véndese a carniceiros, os mais da Guarda.

A lá das ovellas xa non se aproveita. En estado natural as ovellas axudaban o cambio de capa estacional (a caída espontánea do pelo da invernía) rañándose contra árbores ou penas; hoxe, domesticadas, perderon ese comportamento, e hai que rapalas. Moitas veces, a lá déitase, como un montón de lixo, no monte.

A presenza de gando ceibo na Groba, pon á xente en contacto con dous parásitos: os tabaos e os carrachos.

O carracho (*Isodes* spp) ten catro fases: ovo, larva, ninfa e adulto. As tres últimas son moi semellantes entre si. A larva e a ninfa van ós roedores, e o adulto ós grandes herbívoros (cando os había, ós cervos; hoxe, ós ungulados que alí hai). Esperan no mato o paso do mamífero (que detectan pola conxunción de ácido butírico e a calor, alomenos nas femias fecundadas), e tíranse a el.

A ninfa vai tamén á nosa especie. Abondan na Grova. En primavera, logo dun paseo polo mato, é doado atopar un carracho gabeando pola perna arriba. Non asentan ben nos humanos, anque o fan, e con preferencia na zona do pubes. En Europa, EE.UU. e partes de Asia, transmiten a enfermidade de Lyme, que cursa con síntomas variables, dende os semellantes a unha gripe ata os da artrite reumatoide. O axente etiolóxico é a bacteria *Borrelia burgdorferi* (da que se ten secuenciado o seu xenoma precisamente a finais do 1997). Incidentalmente, moitas das enfermidades infecciosas de sempre eran,

en orixe, axentes patóxicos do gando, e pasaron a nós cando metimos a estes animais no noso “domus” facéndoos domésticos.(Pénsese na vacina).

Mais conspicuos, polo molestos, son os tabaos. As larvas, carnívoras, críanse nas numerosas pucharcas lamacentas e solos asolagados. As femias aliméntanse de sucos vexetais e nectar, e os machos de sangue. Van á xente, e están mais rabiosos co calor.

Debeu haber outros grandes herbívoros na Groba. Polo contexto ambiental, e por indicios. Hai gravuras de cervidos nas pedras (cervos, e algúns que semellan corzos), e o topónimo “Barbadoiro”, nun lugar de riscos e penas irtas que semella dicir que alí houbo cabra montesa (“barbada”).

A Costa.

O macizo da Groba e A Valga domina, dende os seus 550-480 m., a estreita plataforma de abrasión mariña; debrúzase nela con pendentes fortes (26-30 graos, perto de A Guarda ; 22 perto de O Facho de A Mariña), As valgadas dos regatos que veñen do monte son de manifesta xuventude, polo que Scheu afirma que ”esta liña de fractura é mais vella que os movementos da corteza aos que son debidas as formas do relevo”.

Non intentou atopar a liña de fractura, para estimar canto tería recuado o talude, o ”escalón de falla”. O único posíbel indicio que atopou é un pequeno resalte baixo o mar, a uns 20-50 m. de profundidade, e a 2 Km. do talude actual. O retroceso dende a liña de fractura orixinal a súa actual posición sería debida, segundo este autor, a procesos de alteración química en medio húmido e cálido (Mio-Plioceno) ; logo, o mar elaboraría a rasa.

A rasa litoral non ten unha altura uniforme. Entre Torroso e Santa Tegra está a 50 m. encol do mar, en A Riña, Oia, a 30-32 m. ; en Porto Canela, a 25 m. ; a partir de O Facho, 30-35 m. ; no cabo Silleiro, 20-25 m.. En conxunto, a rasa abaixa e ensanchase dende A Guarda cara a Silleiro.

Nonn supón que, logo de elaborada, a rasa sufriu unha deformación tectónica.

Considerando que hai nesa zona praias elevadas a uns 5 m, de altitude, conclúe que a rasa se formou no interglaciar Mindel-Riss (nivel Tirreniense I).

En resumo : fractura vella (Herciniana) ; elevación do relevo, meteorización e evacuación do escarpe até 2 Km. mais ao L. do que a liña orixinal de falla (Mio-Plioceno) ; avance do mar e elaboración da rasa (Mindel-Riss) ; retirada do mar e deformación da rasa.

As principais fontes de area das praias son os rios. As correntes de deriva costeira responsabeis do que os anglosaxóns chaman ”rio de area”, semellan dirixirse aquí cara ao Sul. O Miño, por exemplo, deita area no mar e a deriva costeira lévaa até Viana do Castelo, como ten averiguado Teixeira. Ao Norte de Silleiro, a ría de Vigo,

como unha trampa, atrapa a area do río Verdugo, Lagares, Miñor”. ; a area orla de praias a ria, e pouca chega á costa aberta, para ser espaxada ao longo dela, O litoral rectilíneo de Silleiro ao Miño non ten praias. Só unha, da caste das chamadas ”praias de peto”, na Mariña, e algo de area nalgún porto (p. ex., Porto Mougás, na foz do río Pías, e xa na Guarda, Areagorda e Fedorento).

A ausencia de praias é un rasgo notabel do litoral de A Grova ; ese litoral rochoso afúndese en suave declive na auga. Sustratos rochosos, e moita superficie de sustrato rochoso a pouca profundidade (luz para a fotosíntese), favorecen a masiva presenza de grandes algas pardas ; *Saccorhiza polyschides* ; *Laminaria* spp. Antes usábanse como esterco.

Schistostega pennata.

Schistostega pennata, este é o nome científico da moi rara e vulnerabel carriza luminosa (musgo luminoso) que cubre parte das paredes da veciña ó instituto, *Cova de Baredo* ou *Paleofurna das Fighosas*.

Seguindo a Reinoso Franco (1994, 1998) do Departamento de Botánica da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela, só se ten documentado esta rara especie da flora europea en 15 lugares da Península Ibérica, algúns deles hoxe desaparecidos. En Galicia, Casares Gil documentara en 1921 esta rareza botánica nunha mina de ferro en O Incio; en 1948 Bescansa a documentou nunha pequena furna da praia de Sabón (A Coruña), mentras que o autor, Reinoso Franco, ademais de neste lugar de Baredo (Baiona, 1989) a tiña localizado en 1987 nas fendas graníticas dunha turbeira en Xestido (Lugo).

“Se trata de un pequeño musgo esciófilo que forma delicados céspedes en lugares poco iluminados, en el interior de cuevas y minas, siendo característico que su protonema refleje una luz verde esmeralda (...) Schistostega pennata (...) está incluida en la Lista Roja de los Musgos de la Península Ibérica con la categoría de especie rara y vulnerable, conocida en muy pocas localidades, algunas ya desaparecidas o amenazadas (...) requiere para su desarrollo normal que la concentración de hidrogeniones (pH) sea muy baja y oscile entre límites muy estrechos, entorno a 5.7, según hemos podido comprobar. Todos los autores constatados coinciden en admitir que es una especie calcífuga y acidófila (...) Cuevas y excavaciones son los lugares preferidos donde este peculiar musgo se refugia, tapizando las superficies más suaves de las rocas y paredes al amparo de la mayor humedad. (...) Lo verdaderamente espectacular y que llama poderosamente la atención es el protonema (agrupación de diminutos filamentos producidos por la germinación de la espora y que forman parte del cuerpo del musgo). El protonema de Schistostega pennata produce multitud de células hinchadas con vacuolas de gran tamaño que se comportan como lentes. La cara convexa de estas células, situadas sobre los cloroplastos actúan como focos de luz facilitando a la planta la poca iluminación que le llega en el hábitat en que vive y así poder fotosintetizar. Las pequeñísimas cantidades de luz que penetran por un lateral de las grandes vacuolas celulares, choca con los cloroplastos, es reflejada y sale al exterior por la cara opuesta de la vacuola, provocando el efecto de brillo extraordinario en el musgo, originándose una coloración amarillo-verde esmeralda según se aprecie o no a

contraluz. De ahí la denominación del todo afortunada de “musgo luminoso” con la que se conoce a Schistostega pennata (‘luminoss moss’ en inglés o ‘leuchtmoose’ en alemán).

Este efecto de reflejar luz esmeralda no está ligado a los fenómenos de luminiscencia, fosforescencia y biofotogénesis (producción de luz de débil intensidad por ciertas plantas) que, en cierta medida, son producidas por bacterias luminiscentes y equivalen a oxidaciones lentas capaces de producir luz.” (Reinoso, J., 1998, 29-30)

Bibliografía:

Reinoso Franco, Juan, (1998), “El musgo luminoso *Schistostega pennata* en el castro de Viladonga (Lugo)”, *CROA, Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga*, nº 8, pp. 29-32.

Os cultivos arbóreos.

Os cultivos arbóreos son monoespecíficos, de tres únicas especies: Eucaliptus (E) glóbulus; Pinus pinaster e Pinus radiata. Hai, espalladas, pequenas plantacións de outras especies:

- Perto do Facho de Torroso hai algúns pés de Piñeiro Silvestre (*Pynus sylvestris*).
- Baixando dende a casa forestal de O Cano dos Mouros cara ás Pozas de Mougás hai unha mouta de Cedros do Líbano (*Cedrus líbani*).
- Mais abaixo desa pista, onde pasa sobre o río Fervenza hai unha plantación de *Eucaliptus viminalis*.
- En Pedornes, no lugar de A Castiñeira, hai varios socalcos plantados de xoves (8-10 mts.) castiñeiros.
- Pola Poza da Moura, no Alto da Gabiñeira, fican restos dunha plantación de *Eucaliptus gunnii*.
- Por Viladesuso, Oia, etc., hai moutas de Acacia de madeira negra (*Acacia melanoxylon*).
- No que era pista forestal e hoxe é carretera empichada que leva de Mougás ó Picadeiro “O Rancho” e Alto da Groba, consérvase parte da plantación ornamental que a flanqueaba, de alcipreste (*Cupressus sempervirens*).
- Perto do nacemento do Arroio de Salgueiriños dous vellos socalcos que se usaron de viveiro están orlados cun 30 fermosos bidueiros (*Betula celtiberica*). Hoxe non hai practicamente bidos espontáneos; debeu de habelos xa que fica o topónimo “Bidual”.
- Ó redor das vellas “casas forestais” consérvanse árbores ornamentais; en consonancia co gusto monumentalista da época, predominan as grandes coníferas.

Non é fácil disterar pautas na distribución das repoboacións forestais e, nestas, das especies, en parte polos distintos criterios barallados polas diferentes comunidades de propietarios (por exemplo, se entre eles predominan os propietarios de gando salvaxe, etc.), en parte pola variada topografía e múltiples microclimas (tendo como de

coñecemento común que o eucalipto é o mais cundidor, seguido do piñeiro de repoboación -*Pinus radiata*- e, logo, do piñeiro bravo –*Pinus pinaster*-).

- O eucalipto chega hoxe case ata o mar (a favor das “coladas de xelifluxión”, terreo esponxoso con ben de auga).
- O eucalipto non pasa dos 500 mts. de altitude. Mais arriba desta altura téñense plantado, a xeito de tentativa *E. gunnii*. O resultado non semella moi bo. Medran a modo e cun fuste pouco lanzal.
- Hai piñeiros case ata os piricotos de A Grova-Valga.
- Nalgures, nas zonas altas e ventosas cara ó mar, tense plantado piñeiro bravo e , a sotavento deles, eucaliptos.
- Algunhas comunidades, por exemplo: na conca do río Cal, evitan plantar eucalipto onde hai nacentes de auga. Pensan que o eucalipto, non é que elimine a auga, senon que a desvía; din que as raíces medran cara ás frinchas das rochas de onde abrolla a auga e que, ó medrar, túpennas e a auga busca outra ría.
- En sitios onde semella acaer-lo piñeiro, as comunidades de propietarios de zonas con cabras, ovellas ou gando “salvaxe”, evitan planta-lo piñeiro de repoboación (*P. radiata*), a pesares da rendabilidade, posto que a súa copa intercepta moita luz, e a súa follasca, mala de descompoñer, abafalla a herba. O resultado é que baixo estes piñeiros non hai pasto.
- Hoxe, os escarpes, os cantís, malos de andar para o gando, tenden a adicarse a cultivos arbóreos. Se estes se fan con criterios estrictos de rendabilidade (porque se arrenda, por exemplo, a unha empresa), varias cornixas de pistas, a uns 75 mts. de altura de intervalo, crearán un forte impacto visual.
- Hoxe en día, cando se fai unha corta a matarrasa, tende a recuperarse o terreo coa mesma árbore que había.
- O predominio de árbores adicadas a pasta de papel pode considerarse unha facies local de tendencia cara a “un mundo cada vez mais conexo”.
- Visualmente hai unha lonxitude que marca como unha escala. É a lonxitude do tablón: 2,5 mts.. Os troncos córtanse en toradas desa lonxitude e , apilados pé das pistas, dan ambiente de explotación industrial ó monte; o cheiro a eucalipto ou resina (terpenos, trementina) que despiden, acentúa esa sensación.



Para evitar que os futuros tablóns teñan nós, pódanse moitas veces os piñeiros ata a altura de 2,5 mts. (que, amais, é a altura ata onde se pode proceder con relativa facilidade); o tablón coincide visualmente co fuste limpo.

Amais, os piñeiros tenden a plantarse a 2,5 mts. de distancia uns de outros. A sensación dunha forte “lóxica de explotación” que se percibe nunha zona de cultivos arbóreos débese, en parte, a ese ritmo de 2,5 mts. .

As repoboacións non son, claro, unha masa natural; se non fose unha parvada, diríase que son o antibosque.

Poderían caracterizarse, de maneira sucinta, así:

- Árbores da mesma especie.
- Árbores da mesma idade.
- Árbores da mesma cor.
- Árbores pouco ramosas.
- Árbores co predominio do toro.
- Árbores sen trepadoras (moi raramente, algunha con hedra ou silva)
- Árbores sen epifitas vasculares.
- Árbores equidistantes.
- Árbores en disposicións iterativas (liñas, tresbolillo).
- Árbores con follas con protección (ceras, etc.)
- Árbores con follas non tenras, nen frescas, nen amplas.
- Árbores con superficies de sección circulares (tocóns, polas podadas)
- Árbores mortas ausentes.
- Árbores baixo as que non hai sobosco denso, nen estratificación complexa, nen especies esciófilas.
- Árbores heliófilas.
- Árbores con copas en contacto.
- Árbores con marcas, números, letras, pontos, riscas, chascas



No franquismo o monte plantábase de árbores, e os gardas forestais vixiaban que o gando non entrase nas repoboacións. Perdéronse lugares de pasto para o gando; perdéronse as ganancias que a venda mais ou menos ocasional de años, xatos, poldros...fornecía; perdeuse a fonte de estrume para os campos...Houbo que entrar na rolda do capitalismo: comprar abono, comprar penso...

A brusca contracción de recursos forzou á emigración, ó abandono da agricultura, á despoboación (S. Cosme de Baiña ficou abandonado) e, algo mais tarde, ós incendios forestais.

Ainda hoxe xente vella lembra con xenreira ós gardas forestais mais axexantes.

A Groba-Valga era un ferver de gando. As vacas comen o gromo dos piñeiros pequenos, e a cabra come todo nel; os cabalos non o comen, mais poden lesionalo tripándoo; os directores das repoboacións consideraron un problema prioritario conseguir que o gando non pasase ás zonas coutadas para “repoboación forestal”. Isto condicionou o método de ordenación, que se concretou en tramos permanentes formando áreas pechadas con muros de pedra; preferiuse un pequeno número de grandes superficies pechadas “para facer respetar” segundo confesión dun dirixente nunha intervención no Congreso Forestal Español celebrado en Lourizán en 1993. Tendíanse a face-las cortas en grandes superficies para facilita-lo movemento de maquinaria e abarata-los custes. Unha e outra cousa (entre outras) déronlle unha fasquía totalitaria, masiva, á repoboación.

A “Repoboación Forestal” foi iniciativa masiva, e deixou pegadas duradeiras por todo o monte: Casa Forestal, viveiros, moitas casetas de pedra (para trebellos, refuxio...), fitos de demarcación “MP” (“Monte Público”, e o seu número), os primeiros depósitos para os incendios, os carteis do “ICONA” contra o lume, os carteis de “Forestal” (o que hai perto do alto da Groba deu o topónimo “O Cartel”)...

Ainda se conservan, (mais pola Valga) piñeiros das primeiras plantacións.

As repoboacións conforman a fasquía do antónimo da natureza na Groba-Valga,

- Constitúen en grande medida a mesma cobertura vexetal (e, xa que logo, responden da cor, da textura visual, da estacionalidade). Negación das fluctuacións naturais.
- Provoca a presenza de formas rectilíneas, angulosas, regulares. Dominio; enerxía invertida.
- Orixina bandas carentes (ou case) de vexetación (cortalumes, matarrasa). Falla de matices.
- Introduce no monte tráfico pesado (camións, excavadoras, tractores). Transporte Perda de autosuficiencia (que se asocia á naturalidade).
- Obriga á demarcación do monte: árbores pintadas, cercados, moxóns...O natural a certo nivel é carente de propietario.
- Determina unha vixilancia parapolicial: axentes forestais, estacións de vixilancia; patrullas en



totoderreo... mesmo con Fraga Iribarne (matador de comunistas) falouse en deixarlle a vixiancia ó exército. Represión.

- Forza a presenza permanente de traballadores (brigadas anti-incendios, grupos de corta,...) Monos de mahón azul. Industria.
- Obriga á proliferación de pistas e carreteras. Por elas circula, amais, xente, lixo, auga, bestas, hidrocarburos. Penetración. Explotación.
- Orixina unha nova distribución das masas de auga (modifícase o anterior modo de evapotranspiración, desvíanse correntes de auga cara ós depósitos, e destes non sempre sae polo rego anterior; os depósitos constitúen novos hábitats lénticos) e das canles do ciclo hidrolóxico (escorrentía modificada polas pistas, balanço hídrico modificado polas árbores). Mais contraste na distribución da auga.
- Introduce intereses crematísticos na vida das comunidades. Os directivos das comunidades son, en moitos casos, políticos locais, ou fillos seus, parentes, ou residentes con estudos universitarios ou influencia. Noutros casos, trátase de evita-la entrada de novos comuneiros nas comunidades de montes. Exclusividade.

Pistas, carreteras, plásticos e hidrocarburos, excavadoras, tractores, grúas , motoserras, motos, ciclomotores e autos dos traballadores, vehículos de vixiancia e extinción de incendios, emisoras de radio (edificios, antenas), depósitos de auga, cantinas para os traballadores no monte, xente de uniforme, xente de “buzo”, liñas rectas, ángulos, remate neto das formacións vexetais, monotonía específica nas árbores, monotonía nas formas, fitos de pedra, carteis, marcas nas árbores, zonas peladas, cortalumes, montes de restoballo, pilas de cilindros de madeira, casetas e viveiros abandonados...

Represión, biouniformidade, tensión, desartellamento, contaminación, erosión, ambiente industrial, introducción de intereses extracomunitarios na xestión dos montes....Non natura. Cultura. Da mala.

Cova da Moura. Boca da Groba, A Granxa, Belesar, Baiona.

Son moitas as covas galegas que reciben o nome d' *A Cova da Moura*. Esta *Cova da Moura* non é unha mina, unha cavidade artificial. *Cova da Moura* da Serra da Groba é unha cavidade natural granítica de fisura, en concreto do subtipo de covas téctónica, caso semellante (que non igual) ao da sima de cuarzo do afamado Pico Sacro (Boqueixón).

Cova da Moura, UTM (514590, 465715, 600) aparentemente é unha cavidade dividida en dúas partes, a primeira asociada a unha zona granítica con foliación subvertical de dirección aproximada N40°E e un buzamento local de 65°N-130°E presentando un espazo estreito de 40 cm mentras, a segunda parte, teríase orixinado por diaclasas de dirección N90°E, estando afectada a estrutura por fracturas de dirección N140°E. A zona que presenta foliación non matén ángulos idénticos en ámbolos lados da fractura, senon que as dúas seccións serían converxentes na súa base, o que indicaría que a fisura sería de orixe tensional, con basculamento da estrutura paralelamente á ladeira da *Boca da Groba*.

Ao interese xeolóxico e paisaxístico do lugar, o rico patrimonio inmaterial propio ([Lenda do Cazador, Moura Mouríña...](#)) e algúns xacementos arqueolóxicos neolíticos e da Idade do Bronce nas proximidades. Con todo, a cova conta con dimensións escasas, só 14 m de desenvolvemento total, -4 m de vertical, o que contrasta coa extraordinaria distancia que o suposto paso tería entre este punto soterrado de Baiona, a 600 metros de altitude, e o mar.

Bibliografía:

Groba, X., e Vaqueiro, M., *A Cova do Pico*, Coord. C.E. Maúxo, Ed. Concello de Boqueixón, 2004, pp. 167-168.

A CORTE DAS OVELLAS

DESCRICIÓN





Chámaselle *A Corte das Ovellas* ó conxunto de *abrigueiros* desenvolto neste lugar por mor do remexido e esvaramento dos bloques graníticos dun escadamento de fronte N40°E.

O cumio deste coto sitúase case ao mesmo nivel que a chaira lindante co instituto, polo que se poden considerar como resto, testemuño, da exhumación da mesma paleosuperficie.

LOCALIZACION

En Baiona, no comunal de Baiona de Fora, entre o monumento da *Virxe da Rocha* e as instalacións do IES *Primeiro de Marzo*, nun escarpe granítico da vertente NNW do monte *Sansón*, ou *de San Roque*.



Así tamén, no conxunto se observan antigas estruturas de alteración (*cacholas*, *cacheiras*, *tafoni*) derrubadas ou rotas a modo de covas de bloques.

FICHA TÉCNICA

Nome (microtopónimo):

A Corte das Ovellas

Sinónimos:

O Fodedouro

Situación:

Monte Sansón ou *Monte de San Roque*. Baiona de Fora. Baiona

Desenvolvemento (m):

«	--
—	--

Coordenadas UTM:

X	511663
Y	4663377
Z	80

Clasificación:

Cova de bloques fragmentados

Subtipos asociados:

Covas de bloques

Covas de Alteración

Información xeolóxica:

Rochas ígneas

Granitos de afinidade alcalina Granito cataclástico

Fracturas:

Nº160°E – N190°E

N40°N - N50°E

No conxunto destacamos os seguintes elementos:

- Abrigueiro superior, orixinado a partires dun remexido e esvaramento de bloques sobor dunha estrutura de laxamente subhorizontal, e a favor de planos subverticais de dirección N50°E. Na cavidade hai un pequeno banco gravado na rocha rocha.
- Abrigueiro inferior, orixinado polo remexido basal da estrutura, segundo planos de discontinuidade (laxamento?) cun buzamento duns 35° ao N. Parte do piso é rochoso, mais existe colmatación parcial por restos orgánicos.
- Fronte de alteración segundo o laxamento descrito anteriormente. Destacar o desenvolvemento masivo de cacholas no bloque superior (teito da discontinuidade).
- A paleo-chaira do monte *Sansón* (en conxunto) pola presenza de pías e formas de alteración de diversa entidade.



Topógrafos do C.E.Maúxo durante os traballos no abrigoiro inferior.



Detalle dunha cacheira desenvolva nun dos planos de esvaramento.

Exploración: C.E. Maúxo 2003

Topografía: C.E. Maúxo 2005

Espeleotemas: Costras Ópalo-A

Formas graníticas:

- Cacheiras ou cacholas (tafoni)
- Pías (Gnammas)
- Pseudokarren incipiente



Pseudokarren incipiente: Estes pequenos canáís paralelos desenvólvense en liñazóns de discontinuidades, que constitúen pequenos tectoglifos locais



Tódolos bloques escadados na vertente presentan formas de alteración



Foto superior. Zona sur da Corte das Ovellas.



Foto esquerda: Topografiando o abrigo superior. Esquerda: À entrada do abrigo inferior.

INTERESE DA CAVIDADE

Interese xeolóxica:

Asemade dos pequenos espacios baixo pedra, destaca a elevada e ben consevada cantidade de Formas de Alteración graníticas neste lugar.

Predominan as formas tipo pía e en menor cantidade as alveolizacións (tafonización ou meteorización alveolar).

Algunhas liñazóns presentan acanaladuras paralelas asemellando un pseudokarren incipiente, mais de pouca entidade e desenvolvemento

O conxunto de formas en xeral pódese caracterizar por tres elementos:

- Desenvolvemento sobor planos horizontais ou subhorizontais (estrutura de foliación secundaria).
- As formas asemellan guiadas polas fracturas e liñazóns: A formación de executorios ou a coalescencia de formas (unión de formas adxacentes) asemella adaptarse as liñazóns de rachaduras e discontinuidades.
- As pías son en xeral de tipo pan, de fondo plano, con socavación perimetral da mesma, indicativo da colisión da fronte de alterazón cunha discontinuidade horizontal que interrompe a progresión vertical da fronte de alterazón e favorece o retroceso perimetral. Aprézanse marcas e colorazóns, o que indica niveis estables de humetacción (capilaridade e migrazón catiónica).



Algunhas disontinuidades, coma o diaclasado, controlan o desenvolvemento das formas de alteración: Na foto as pías enlóngase segundo os planos de alteración preferentes (inhomoxeneidades) e interrompen o seu crecemento ó chocar cun plano de fractura (xunta aberta).



Detalle deste “campo de pías”. Pódense ver discontinuidades (fracturas, diaclasas, diques ou filoncillos) que controlan a elongación das formas, tanto a dirección de drenaxe (executorios) coma a coalescencia de formas próximas.



Detalle da socavación perimetral nas pías tipo pan.



Detalle da costra de óxidos metálicos na fronte de alterazón dunha pía tipo pan. A dereita aprézase unha discontinuidade formada por un dique de cuarzo subvertical. Este dique de gran dureza frena o avance da alterazón da rocha. No centro da foto, sen embargo, hai unha discontinuidade na rocha, con aliñazón ao norde, que favorece a alterazón da rocha. Pódese ver coma neste punto a fronte de alterazón progresa máis rapidamente.

Interese antropoespeleoloxía:

Usos na sociedade campesina: Abrigo de animais (o propio microtopónimo o indica) e de xente: abrigueiro ocasional por inclemencias metereolóxicas, relacionados co traballo (pastoreo, reforestación) e o xogo, usado como lugar de encontros amorosos, etc.

Patrimonio inmaterial por investigar. Entroutras historias: *O Fodedouro*.



Esquerda: “Bayona -sic- (Galicia). Vista desde el interior de una gruta del Monte de San Roque.”

Dereita: dende o mesmo sitio, abrigoiro inferior da *Corte das Ovellas* 70 anos despois.

Arqueoloxía: Non hai datos. Tampouco se comprobou. ¿Capela de San Roque? ¿Facho?

Historia Contemporánea: Referencia ós escapados en 1936. Proximidade *Volta dos Nove*.

Xeografía: Paisaxe. Panorámicas sobre Cies, Estelas, Silleiro, etc.

Historia da Arte: Proximidade *Virxe da Rocha*.

Interese pedagóxica e turística.



Entroutra fauna do lugar.

*Informe inicial para a
Unidade Didáctica sobre o lugar de*

A Corte das Ovellas, Baiona.



Informe do [Clube Espeleolóxico Maúxo](#), CEM, para o IES “Primeiro de Marzo”.



Vigo, novembro 2005.

INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste informe é a de facilitar información para a elaboración dunha Unidade Didáctica sobre o lugar veciño ó instituto de Baiona chamado *A Corte das Ovellas*.

O IES “Primeiro de Marzo” construíuse en 1992 en terreos comunais da parroquia de Baiona de Fora por riba da Percibilleira, Baiona, pouco máis arriba d’ *As Bouzas Trighas* e de onde *O Fodedouro*. Subindo pola estrada ó monumento da *Virxe da Rocha*, a seguinte curva á dereita. O perímetro do recinto escolar linda polo noroeste coa *Corte das Ovellas*.

Os contidos deste informe, a disposición de todo o profesorado do IES “Primeiro de Marzo”, subdividense en:

1. “As microformas da paisaxe resultantes da alteración das rochas”

Apuntes sobre xeoloxía granítica, xa que no lugar da *Corte das Ovellas* pódese admirar un considerable conxunto de pías e outras pequenas fomas propias da paisaxe granítica. Fotografías e topografías do arquivo CEM. Texto de Marcos Vaqueiro Rodríguez.

2. Ficha provisional do lugar no *Catálogo de Cidades Naturais* do arquivo do Clube Espeleolóxico Maúxo.

Localización, coordenadas, descrición, datos xeolóxicos e culturais, referencias, topografía. Equipo de traballo do CEM composto por: Marcos Vaqueiro, Miguel García Garía, José Bernardino Costas Goberna, Begoña Barreiro Ben, Concepción Álvarez González, Reinaldo Costas Vázquez, Eduardo Méndez Quintas, Xavier Groba González. Texto de Marcos Rodríguez e Xavier Groba.



Topografiando *A Corte das Ovellas*.

AS MICROFORMAS DA PAISAXE RESULTANTES DA ALTERACION DAS ROCHAS

¿QUÉ SON AS MICROFORMAS DE ALTERACIÓN?

Son formas da paisaxe de pequeno tamaño orixinadas pola meteorización diferencial da rocha.

A forma de alteración predominante é o **tafone**, que en xeomorfoloxía significa unha cova pouco fonda ou buraco parcialmente pechado pola conservación dunha viseira (caso das **lapas** ou dos **fronte-lapa**). Noutros casos noméase así a un bloque rochoso totalmente valeiro no seu interior inda que por fora pareza estar intacto (caso das **cacheiras** ou **cacholas**).

Unha característica común aos teitos e paredes dalgúns cacholas é o desenvolvemento de alveolos, proceso coñecido coma **meteorización alveolar** ou **meteorización en panal**.

Outra das formas raiña é a **pía**. Tamén noméanse **gnamma**, verba aborixe australianiana que significa “pozo de auga”. As pías son concavidades da rocha, a modo de cuncas de distinto tamaño.

IDENTIFICANDO AS FORMAS NA PAISAXE

As pías ou gnammas



Foto 1. Dentro dunha das grandes pías d' *A Corte das Ovellas*, en segundo plano: *Silleiro*.



Foto 2. Pías desenvoltas na superfície dun bolo granítico do *Coto dos Mouros*, Parada. As pías sempre se desenvolven en superficies aproximadamente horizontáis. O basculamento deste bolo interrompe o desenvolvemento normal da pía, modificando a súa forma original.

As lapas





Lámina 1. Topografía e fotografías da cova *Lapa da Moura*, Serra do Galiñeiro, Morgadáns.



As cacheiras (CEM, 1998) ou cacholas (VIDAL ROMANI, 1989)



Fotos 3, 4. Vistas de distintas cacheiras.



Foto 5. Interior dunha cacheira en *Outeiro das Campanas*, Camos. Esta formación desenvólvese simultaneamente sobor dunha banda milonítica, de cor claro, e dun granito alcalino.

Fronte zapado ou “frente llama”: Son paredes xeralmente fortemente inclinadas e que presentan concavidades na súa base.



Foto 6, 7. *A Ighlex*, Morgadáns. A esquerda vista xeral da fronte-lapa e as tafonizacións da súa boveda. A dereita detalle dun cruciforme insculpido.

¿ONDE APARECEN?

O comenzo da meirande parte destas formas é unha superficie de discontinuidade, sexa ista unha diaclasa ou fractura, ou ben en rochas metamórficas un plano de estratificación. .





Foto 8, 9. Á esquerda, laxamento granítico no que se teñen desenvolto as formas de alteración. A dereita, desenvolvemento de pequenas alveolizacións no perímetro dunha lapa. Seguindo un plano de discontinuidade (laxamento da estrutura), Serra do Galiñeiro.

Nas zonas graníticas os tafoni (plural de tafone) desenvólvense en moitas ocasións asociadas ás partes basales da rocha onde o granito se separa en laxas, e tamén, e con maior frecuencia, en bloques aillados definidos pola rede de fracturas (VIDAL ROMANI & TWIDALE, 1998).



Lamina 3. Coto da Mouta. Esta cacheira desenvolveuse no cumio dun domo a partires do laxamente do granito. O tafoni conservase no interior dun dos bolos residuais do cumio, e foi empregado no Neolítico e na Idade de Bronce coma refuxio: a, Alzado longitudinal do coto ; b. Planta de detalle do interior da cacheira; c-d-e, reprografia dos petroglifos do refuxio; f-h, Muiños neolíticos no interior da cacheira; g. Vista dos bloques dislocados no cumio do coto.

¿SOBOR QUE MATERIAIS SE PODEN ATOPAR?


Inda que estas formas son típicas na paisaxe granítica, podémolas atopar noutros materiais. En Galicia en concreto, temosa topado formas de alteración en cuarzo, cuarcitas e granitos.



A



B



C



D



E

Fotos: 10, 11, 12, 13, 14.

a. Cacheira en granito; b. Tafoni en cuarzo, no Pico Sacro; c. Desenvolvemento de alveolizacions na parte superior dun conducto na Sima d' *A Cova do Pico*, no Pico Sacro; d. Campo de pias nunha chaira de erosion no Faro de Budiño; e. Pia en cuarzo con executorio.

¿COMO SE ORIXINAN ESTAS FORMAS?

¿Qué é a alteración da rocha?

A alteración é o proceso de desintegración e descomposición da rocha como consecuencia da exposición á atmósfera, á acción da neve/xeo, auga e calor, e tamén a acción química.



Foto 15. Detalle de parte do campo de pías d'A Corte das Ovellas.

Unha parte dos axentes que provocan a alteración son físicos e outros son químicos. Os físicos actúan por contraste (humectación/desecación, frío/calor, auga/xeo) aproveitando que a rocha non é homoxénea, mentras que os químicos o fan por transformación, convertindo uns minerais noutros diferentes.

No caso concreto da Fronte-Lapa: Unha fronte de alteración desenvolta en zonas do pé do escarpe coma resultado dun ataque pola humidade á rocha, seguido da súa posterior exposición en superficie. (VIDAL ROMANI & TWIDALE, 1998).